

XOSÉ MARÍA, MESTRE DE MOCIDADE

Darío Xohán Cabana Yanes
Real Academia Galega

Resumo: O autor, que de 1971 a 1975 traballou nas Edicións Castrelos, conta como o seu patrón Xosé María Álvarez Blázquez contribuíu á formación cultural, nacional e política de mozos de Vigo e doutros lugares de Galicia que se integraban naquel tempo na militancia nacionalista e antifascista, e nomeadamente na Unión do Pobo Galego, especialmente nos anos 1972 e 1973. Con referencia á literatura, á arqueoloxía e á historia, e á súa memoria persoal da República, das Mocedades Galeguistas, do Partido Galeguista e de Alexandre Bóveda.

Abstract: The writer of the present essay, who worked at Edicións Castrelos between 1971 and 1975, tells about the role played by Xosé María Álvarez Blázquez in the cultural, national and political education of those Galician youth who in 1972 and 1973 were beginning their participation in nationalist and anti-fascist politics mainly through the Unión do Pobo Galego. The paper also dwells on a number of issues that are relevant to the life and work of Xosé María Álvarez Blázquez: literature, archaeology and history, as well as on his own personal recollections of the Spanish Republic, the Mocedades Galeguistas and the Partido Galeguista, and of Alexandre Bóveda.

Palabras chave: Xosé María Álvarez Blázquez, nacionalismo, Unión do Pobo Galego, mocidade, Alexandre Bóveda, Vigo.

Key words: Xosé María Álvarez Blázquez, nationalism, Unión do Pobo Galego, youth, Alexandre Bóveda, Vigo.

A pesar dos meus anos, que xa empezan a ser moitos, aínda non aprendín, e aínda respondo con imprudencia ás propostas e invitacións cando me tocan no corazón. Invitáronme a participar nesta mesa redonda, e entón aceptei con entusiasmo por ser Xosé María quen foi pra min, cando me deberan botar atrás polo menos dúas cousas. Unha delas é falar de Xosé María Álvarez Blázquez onde fala tamén o seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo. O propio Pepe fala, vai falar, da

poesía de Xosé María, dunha das súas partes públicas, exercendo como crítico, como lector e como historiador. Como me atrevo eu a falar de Xosé María Álvarez Blázquez, e mesmo dun Xosé María cotián, e até un pouco secreto, diante de quen é verdadeiramente seu fillo e estivo con el toda a primeira metade da súa vida e toda a segunda metade da vida de seu pai, día a día e hora a hora? Reparo me debía dar dicir, ou deixar entender, diante de Pepe Álvarez Cáccamo, que eu coñecín a seu pai, cando con el non botei máis ca catro anos no día e día do traballo. É certo que fun amigo de Xosé María. É certo que foi pra min, en certos aspectos, case coma un pai, ou mellor dito –agora seino mellor– coma un irmán maior a quen lle debo auxilio e guía e grande parte do mellor que eu son, se algo bon teño; é certo tamén que el me abriu máis dunha vez o corazón, e que naqueles anos eu vin pequenas cousas que se cadra nin o mesmo Pepe viu, pero eran certamente cousas menos importantes, menos esenciais, máis anecdóticas. Agora que eu mesmo teño fillos, e fillos xa grandes en idade, sei moi ben que eles me coñecen mellor ca ningún amigo meu, sei que eles saben de min todo o esencial, aquilo que non sabe máis ninguén cós que viven comigo.

Por riba, desde que eu aceptei a invitación a vida seguiu o seu curso mortal. Nestes dous breves meses morreu María Luísa Cáccamo Frieben, a madriña da nosa filla Alexandra. Eu aínda non lin a novela que acaba de publicar Pepe, *As últimas galerías*, unha novela que segundo parece ten o seu fundamento na personalidade de súa mai que eu só puíden albiscar nos seus aspectos máis visibles, aínda que algunhas veces cheguei a sospeitar algo da súa profundidade. Non lin aínda esa novela, que teño esperando a volta á casa, porque se a lese tan recentemente se cadra non podía falar hoxe.

E morreu tamén Darío Álvarez Gándara, o único Álvarez da súa xeración que coñeceu o avó mártir, pois o noso querido Darío Álvarez Gándara deu os primeiros pasos na prisión de Tui onde Darío Álvarez Limeses agardaba a morte por fusilamento. Ingresaou Darío Álvarez Gándara na memoria e non no ser, e eu nunca máis verei a súa agarimosa cara. Bendita sexa a súa memoria!

Pero deixemos isto. Aceptar falarvos hoxe foi unha temeridade, e moito máis aínda por escoller o tema que escollín: Xosé María mestre de mocidade! Un tema do que sei tan só unha pequena parte que eu vin, e do que nin sequera podo dicir todo o que sei.

Unha das cousas das que se podería e debería falar dentro deste título sería mesmo o seu traballo de mestre de cultura humanística na Escola Náutico-Pesqueira de Vigo onde, a pesar da prudencia imposta polos tempos, seguramente a súa poderosa capacidade de comunicación do entusiasmo deixou importantes marcas ou ronseis na personalidade de moitos daqueles rapaces que serían patróns de pesca e capitáns de pesca, orgullo de Galicia e das grandes pescarías do Atlántico. Eu, naturalmente, sei moi pouco do que alí pasaba, pero aínda

conservo unha vaga memoria impresionista do ledro que chegaba algunhas veces ás Edicións Castrelos, na rúa General Aranda que el seguía chamando Pi i Margall como se volve chamar agora, cando viña de dar as súas clases matutinas na Escola Náutico-Pesqueira, abaixo na Beiramar.

E outra cousa da que eu non podo falar é do papel de Xosé María Álvarez Blázquez a respecto da nova xeración de arqueólogos de formación específica universitaria, quero dicir, poñéndoos por caso, a de Felipe Arias ou Fernando Acuña Castroviejo. Porque antes os arqueólogos, os fundadores da arqueoloxía galega, foran avogados, ou farmacéuticos, ou mestres de escola coma Xosé María, que resultaron tamén ser mestres de arqueoloxía. Disto falou moito ben o propio Fernando Acuña nun acto en homenaxe a Xosé María no García Barbón de Vigo, no mesmo ano da súa morte, nunha intervención que vinte e tres anos máis tarde foi impresa no volume *Escritos sobre arqueoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez* publicado polo Instituto de Estudos Miñoranos no ano 2008, onde Felipe Arias Vilas, daquela Director Xeral de Patrimonio Cultural, escribiu tamén unhas palabras neste sentido.

Mais a miña intención évos falar doutro maxisterio do que eu fun testemuña, e no que algo tiven que ver, non só por terme beneficiado del, e quizabes máis ca ninguén fóra da súa familia, senón até promovéndoo dalgunha maneira.

Debo dicir, simplemente pra situar a cuestión, que eu entrei na UPG, na Unión do Pobo Galego, a finais do ano 1968, captado en Lugo por Xan Bouzada, un estudante procedente de Vigo –aínda que en realidade nacido en Lugo– que era un ano máis vello ca min e que xa hai sete anos que morreu. Pasaron os anos, que daquela parecían durar moito e non eran case nada, e deixados os estudos, abandonado un traballo administrativo no meu concello natal de Cospeito, no verán do 1971 uninme a unha estraña aventura chamada Amigos das Letras Galegas, que consistía en andar vendendo libros galegos por Galicia adiante nunha furgoneta, en festas, feiras, mercados e rúas ou onde se podía, ás ordes dun estraño personaxe de Pontevedra, un *vello* de corenta anos, que talvez tiña uns intereses moi diferentes ós meus e ós das ducias de rapaces e rapazas de moitos lugares de Galicia que nos axudaban máis ou menos esporadicamente.

Supoño que sería en outubro ou novembro cando un día fomos a Edicións Castrelos, onde nos surtiamos dos libros que máis se vendían, e que eran, xaora, os da Colección o Moucho e algúns da Colección Pombal. Eu non debía andar nin moi mantido, nin moi ben amañado, nin sequera moi limpo. Eu non sei o que facía cos cartos o tipo de Pontevedra, porque libros vender vendíanse, pero as máis das noites eu tiña que durmir na furgoneta. El, o de Pontevedra, case sempre se arraxaba pra durmir a cuberto, ou onde fose, que unha cousa era o que dicía e outra o que facía.

Xosé María debeuse compadecer de min, pois díxome que quedara con el, primeiro co pretexto de facermos un dicionario galego coas definicións en galego, que logo deixamos, e despois porque ó parecer lle facía falta un axudante na editorial.

Eu, xaora, ó quedar en Vigo integreime na estrutura local da UPG, naturalmente como simple militante de base no grao máis baixo que puidera haber, baixo as ordes directas dun tal Santiago, agás un breve tempo, bastante máis feliz, no que recibía as instrucións de Moncho Reboiras. O tal Santiago dicía que se chamaba así cando me chamaba por teléfono á editorial: “son Santiago”; en realidade chamábase, e chámase, doutra maneira que non digo.

Isto era, pois, en 1972, que non foi un ano calquera na historia política de Galicia, na historia política de Vigo.

Á parte dalgunhas funcións técnicas e de cobertura, o meu cometido político viña sendo máis ben o de captación, a través do traballo cultural e da presenza en grupos máis ou menos galeguistas e progresistas, máis ou menos definidamente antifranquistas, xa constituídos. Por exemplo, no ámbito do Padre Seixas, aquel xesuíta de esquerdas que, sen ser nunca da UPG nin militante estrito de ningún partido nin grupo político, permitía o proselitismo político e a pesca de militantes dentro dos seus grupos facendo que miraba pra outro lado.

O traballo político-cultural, pró que eu fixera bastantes contactos durante as miñas viaxes comerciais, quero dicir de venda de libros, por Galicia adiante, facíase en Vigo sobre todo a través da benemérita Asociación Cultural de Vigo, pero tamén había outros pequenos grupos non constituídos, nin sequera formalizados, que a miúdo ignoraban mesmo que eran grupos. Habíaos en Vigo e nos arredores, e unha cousa que eu facía bastante era dar unhas charlas máis ou menos informais, ás veces totalmente informais, sobre temas diversos dos que non sabía case nada, e tamén recitais de poesía que normalmente empezaban con poemas de Rosalía, Curros e Pondal e acababan con poemas de Celso Emilio, Manuel María, Méndez Ferrín e, avergónome agora de dicilo, de min mesmo. Teño moi mala memoria, e nunca levei nota desas cousas, pero lembro estes, como diría, mitins culturais en barrios de Vigo e polos arredores, acórdome por exemplo dun en Coruxo, pero tamén en Cangas, en Moaña, na Estrada, en Melide... En sociedades máis ou menos constituídas, en teleclubes, mesmo en casas particulares.

Con isto quero dicir que eu coñecía daquela bastante xente, unha xente da que eu logo, cando parecía conveniente, lle pasaba o contacto ó tal Santiago, ou ó bon Moncho Reboiras, con vistas á captación pró partido. Pero mal ou ben—sei perfectamente que máis mal ca ben— eu encargábame de intentar darlles unha formación elemental nun, digamos, antifranquismo e galeguismo básicos, falando con eles, dándolles a ler algúns libros primeiro, o *Sempre en Galiza* en

lugar preferente pero tamén algúns textos marxistas máis ou menos básicos, e logo mesmo algúns panfletos e publicacións partidarias.

E neste labor de proselitismo eu tiña unha vantaxe nada pequena: o feito de traballar con Xosé María Álvarez Blázquez, e mesmo de tomar vasos de viño con el, na taberna do Camilo, mesmo ó carón da librería Almoneda e Editorial Castrelos, e máis na do Armando, no calexón das Angustias, entre Pi i Margall e a Falperra.

Aínda que daquela o movemento nacionalista galego non chegara ó nivel de historiomanía que padece actualmente o seu sector maioritario, o certo é que a nós, mozos e mozas –sobre todo mozos, todo hai que dicilo– de dezaoito ou vinte anos que empezabamos a ser nacionalistas e de esquerdas, unha das cousas que nos facía máis falta era a conexión co pasado republicano, que dunha maneira máis ou menos consciente sentiamos que era realmente o noso pasado, a herdanza que nos proporcionaba lexitimidade. A nosa sede de información era patética, cos ollos de hoxe unha cousa ben triste: eramos coma orfos.

Quen daquela, e desde había moitos anos, tiña posta cátedra oficial de galeguismo era Ramón Piñeiro en Santiago, e polo que teño oído e deducido, no propio Vigo Xaime Isla Couto non desdeñaba darlles pasantía a algúns rapaces que se achegaban a el. Pero polo que souben daquela por outros e fun aprendendo despois, o que eles dicían non era exactamente o que nós queríamos. Galeguistas históricos éranos, por certo que si, pero cunha visión da acción política que non era a que aqueles rapaces confusamente buscaban, ou buscabamos.

E velaí que Xosé María se encontrou, sen el sabelo, impartindo unha especie de seminarios que resultaban servir a captación e a formación de militantes da UPG. “Sen el sabelo” en realidade dígoo por dicir, así como figura retórica, pois estou ben seguro de que o Xosé María, que sabía que eu era da UPG, axiña deixou de pensar que aqueles rapaces que aparecían pola librería non moito antes de pechar viñan por min; outra cousa é que seguira facendo coma quen pra comodidade de todos. Se viñeran por min, prás nosas cousas e diversións de rapaces, virían cinco minutos antes da hora. En realidade, viñan media hora antes, mesmo unha hora, e se o traballo non apuraba formábase unha especie de faladoiro, de tertulia na que o Xosé María facía a maior parte do gasto, pois dunha maneira directa ou indirecta era inxenuamente interrogado por min ou polos “meus” visitantes. Os temas eran sempre ou case sempre culturais, en xeral de literatura ou de historia. A historia interesábanos moito, certamente, e a arqueoloxía, na que todos sabían que Xosé María era un mestre, tiña daquela un raro atractivo para moitos rapaces que empezaban a ser nacionalistas. Pero a miúdo a conversación derivaba cara á política, ou cara á historia recente, que viña sendo case a mesma cousa.

Xosé María era, xaora, un home prudente, pero tampouco non se excedía na prudencia. Cando lle parecía que podía confiarse, falaba con bastante confianza,

e entón contaba cousas que a nós nos fascinaban. Fascinábannos entre outras cousas porque sabiamos quen era: o fillo dun fusilado, o fillo dun mártir da República. E un amigo e parente de Alexandre Bóveda, seu curmán político.

No discurso oficial do galeguismo cultural daqueles anos Alexandre Bóveda estaba, polo que eu lembro, totalmente ausente. O galeguismo cultural daqueles anos tendía mesmo a privilexiar o Castelao literato, e sobre todo o Castelao artista, sobre o xigantesco e complexo Castelao político que tardamos aínda bastante en coñecer xeralmente. É logo natural que Bóveda nin sequera existise naquel discurso, pois Bóveda non foi unha figura cultural, senón unha figura estritamente política: nin pintaba, nin escribía poemas, nin fozaba na terra á procura de restos arqueolóxicos. Bóveda era, pois, unha cousa que se aprendía de Xosé María, e ademais cunha proximidade especial que viña da súa amizade e parentesco, e naturalmente da emoción intensísima con que Xosé María o evocaba.

Por outra parte, Xosé María tiña algo que o facía conectar dun xeito moi potente con aqueles rapaces: o seu curioso aire xuvenil.

Quero dicir, daquela Xosé María andaba á beira dos sesenta anos, e camiñaba aínda moi lixeiro, pero non é que tivera propiamente un aspecto físico xuvenil. O que tiña era unha maneira natural de falar coa xente nova que suprimía as distancias e o facía, se non un máis, unha cousa bastante parecida. Naturalmente, era un sabio, e ensinaba. Pero ensinaba de tal maneira que nunca parecía que estivese sentado cátedra, nin detrás dunha mesa camilla. E aquelas leccións conversadas da última hora da librería continuaban a miúdo despois da hora de pechar, unha media hora ou así na taberna do Camilo ou na do Armando, bebendo, respectivamente, viño do Ribeiro ou do Condado. Un señor de sesenta anos con tres ou catro ou cinco rapaces de vinte, todos pasándoo moito ben, e xa non falando de cousas terriblemente serias, pois daquela as tabernas non eran lugares pra falar de todo. Nin hoxe tampouco.

Outra das vantaxes que tiña Xosé María con aqueles rapaces é que nos podía contar –e de feito contábanos– a súa militancia nas Mocidades Galeguistas, a súa única militancia política anterior á Guerra Civil, que estoupou cando el tiña 21 anos. Podíanos contar, e de feito contaba non sen orgullo, o seu xuvenil discurso *Berro en lembranza dos mártires de Carral*. E cando contaba esas cousas era coma un de nós, era coma un rapaz que empezaba o mesmo camiño que nós estabamos empezando.

Non eran estes, a librería e a taberna, os únicos lugares nos que lle vin exercer a Xosé María o seu maxisterio nacionalista, pero si os máis frecuentes. Eran os lugares e as horas e ocasións que non entraban en moita contradición co seu desexo de marchar prá casa, fose a da Gran Vía ou a de Coruxo no vran, onde estaba a súa muller e os seus fillos, que en definitiva lle importaban máis ca nós, e

os seus estudos eruditos, que non lle importaban menos. Felizmente, algunha vez consentía en facer unha excepción en forma de excusión cultural.

Lembro por exemplo unha vez que nun día que non se traballaba, fose porque era festivo ou por outra razón, fomos de excursión histórico-arqueolóxica ó Morrazo. Lembro os nomes de Miguel Lavandeira e de Luís Pérez Rivas o Bigotes, pero dos máis, que serían outros dous ou tres, non se me acordan os chamadoiros nin as caras. Vimos lugares estraños e por min mal lembrados tamén, humanizados e usados pra diversas cousas en diversas épocas, nun arco de milleiros de anos que remataba provisoriamente en nós. Entón, a pesar do concreto que se esquece, aquel día aprendemos algo máis de Galicia, algo que non se aprende nada fácil, porque o Xosé María fíxonos sentir dalgunha maneira case sagrada a continuidade das eras, coma se nós fósemos ó mesmo tempo os que comeron mexillóns abertos con pedras lascadas, os que fixeron as mámoas, os que habitaron os castros, os campesiños que aínda non gardaban o gando en cortes pra facer esterco, os mariñeiros que deixaban as barcas no areal e durmían de noite nas aldeas altas, e finalmente nós mesmos, rapaces campesiños ou mariñeiros ou mesmo urbanos xa de nacemento, pero aínda todos coa bosta nas zocas e o cheiro a argazo nos fuciños.

E non eran só rapaces de Vigo, ou residentes en Vigo, os que acudían á librería e editorial Castrelos en busca, real ou pretextual, de libros galegos, en realidade de conversación, de información, de maxisterio vivo. Por poñer un exemplo, unha asociación cultural de Melide, non sei se legalmente constituída ou non, pero certamente moi activa naqueles anos, veu mercar libros prá súa pequena biblioteca, libros que eran das Edicións Castrelos e tamén algúns outros que soía ter o Xosé María en distribución máis ou menos clandestina, entre os cales por certo se contaron bastantes exemplares de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, do seu curmán Xerardo Álvarez Gallego. Os libros de Melide podíaos vir buscar un só, podían mesmo facer que llelos mandásenos por correo, que daquela era baratísimo prós libros, pero viñéronos buscar en expedición colectiva. Paréceme que viñeron cinco, o Xosé Domingos Fuciños, dous dos irmáns Parrado e outros dous que non recordo porque supoño que non cheguei a tratalos. E xaora, arranxáronse de maneira que aquel día o Xosé María consentise en latar na casa e deixarse persuadir pra xantar con eles e comigo, supoño que na taberna do Armando, que era o lugar das ocasións. Por certo, que ademais de facerlles rebaixa nos libros que mercaron, regaloulles un exemplar do *Sempre en Galiza*. Isto aínda mo recordou haberá un ano ou dous o Domingos Fuciños, que foi moitos anos concelleiro nacionalista en Melide.

Isto que eu vin foi sobre todo nos anos 1972 e 73. Cal foi a influencia real daquelas “clases maxistras” do Xosé María? Eu non podo sabelo, pero delas beneficiáronse, con máis ou menos proveito segundo a súa condición, un certo

número de persoas, e entre elas polo menos cinco ou seis que segundo despois cheguei a saber formaron parte do Comité Central da UPG naqueles anos e nos inmediatamente posteriores.

Outro día, se tiver ocasión, falarei do que me ensinou Xosé María a min, tanto en literatura, historia e outros saberes –que mellor ou peor xa fun aprendendo daquela mesmo, segundo mo ensinaba–, como tamén nos eidos máis difíciles da conciencia e do modo de obrar e traballar. Estas leccións tardaron máis en dar froito, un froito non sempre tan bo coma a semente, pero aínda hoxe, que son xa bastante máis vello có propio Xosé María cando o coñecín, aínda hoxe sinto de cando en cando que nace en min un daqueles graos que el semeou na miña mocidade. Beizón a Xosé María, pois despois de a meu pai, a ningún home lle debo tanto.